

OBRADOIRO "E SE TRABALLAMOS EN EQUIPO?" [En colaboración coa Rede Eusumo e o Concello de Sada]

DATAS REALIZACIÓN	Do 22 ao 25 de marzo de 2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	De 9:30 a 14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Salón de Plenos do Concello de Sada, Avenida do Porto, 24, Sada (A Coruña)		
PERSONA DE CONTACTO	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada)	teléfono	620765150
	www.aedlsada.gal	e-mail	aedl@sada.gal

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo.
- Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.

PROGRAMA E CONTIDOS

Programa

Módulo 1.- Achegándonos ao xeito de traballar nunha cooperativa. Habilidades persoais e sociais

Módulo 2.- Habilidades de comunicación

Módulo 3.- Habilidades para o traballo en equipo

Módulo 4.- Toma de decisións

Contidos

Módulo 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Como se traballa nunha cooperativa? Habilidades Sociais e persoais: Autoconecemento. Autoestima.

Módulo 2- Habilidades de comunicación: a escoita activa. Barreiras na Comunicación. Empatía e asertividade. Habilidades para xestionar críticas, peticións e eloxios.

Módulo 3.- Habilidades de xestión social: traballo en equipo. Características do traballo en equipo. Vantaxes e inconvenientes. Fases de maduración do equipo. Os roles nos equipos de traballo.

Módulo 4.- Toma de decisións: tipoloxías. A toma de decisión en grupo, vantaxes e inconvenientes. Fases e factores que inflúen na toma de decisións. Avaliación do obradoiro.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

O obradoiro dirixese a persoas socias e/ou asalariadas de cooperativas e outras empresas da economía social, a persoas que estean desenvolvendo un proxecto de emprendemento en cooperativa. Persoas interesadas en formar parte de empresas participativas e a todas as persoas interesadas na aprendizaxe práctica das habilidades para o traballo en equipo. Darase prioridade no acceso ao curso ás mulleres e as persoas pertencentes aos colectivos prioritarios.